



IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

DEPARTAMENTO DE LATÍN. CULTURA CLÁSICA 3º ESO

TAREFAS SEMANA 23-27 DE MARZO

SESIÓN 1: A vivenda en Roma (I). Tipos de vivendas.

1. Busca información sobre os tres tipos de vivenda que existen na Roma antiga: *domus*, *insula*, *villa*.
2. Di cal das seguintes imaxes se corresponde con cada un deses tipos de vivenda e xustifica a resposta, explicando as características de cada unha delas e o tipo de poboación que as habita:



SESIÓN 2: A vivenda en Roma (II). Comentario de texto.

1. Le o texto dun escritor romano chamado Xuvenal sobre as casas e o ambiente da cidade de Roma no século I-II d.C.:

“Hai cuartos alugados que permitan durmir? En Roma só os ricos poden conciliar o sono. Velaí a causa principal das enfermidades: o tránsito dos carros polas estreitas curvas das rúas, e o balbordo dos rabaños detidos. Calcula a altura dos tellados, dende os que un testo fire as cabezas. De noite hai tantos perigos como fiestras atopas abertas ao teu paso. Nós habitamos unha cidade sostida en gran parte só por débiles estacas de madeira, esta é a forma como o procurador prevén os derrubamentos. Cando tapou a regandixa dunha vella greta, exclama: xa podeades durmir tranquilos! e ten o derrubamento enriba! ... O terceiro piso, debaixo do teu, xa está ardendo, e ti, sen enterarte.”

Xuvenal, *Sátiras*, Libro III

2. Responde as cuestións:
 - a) A que tipo de vivenda das que estudamos na sesión anterior cres que se refire o texto? Por que?
 - b) Por que cres que Xuvenal di que só os ricos poden conciliar o sono?
 - c) Cales son os problemas máis graves e frecuentes que apunta Xuvenal con respecto deste tipo de vivendas?
 - d) A que cres que se podían deber ese tipo de problemas?
 - e) Cres que se parecen aos problemas que poden presentar as vivendas hoxe en día? Razona a resposta.
 - f) Di con que tipo de vivenda identificarías na actualidade cada un dos tipos de vivenda da Antiga Roma e explica a resposta.